

IDEAS
PARA UNHA HOMILÍA CON NENOS
31 OUTUBRO 2021

**Ámote con todo o meu corazón,
a miña alma e a miña mente**

1. VER: O primeiro, o máis importante

- Ás veces preguntámonos que é o máis importante na vida: se pasalo ben, gozar, ter moitas cousas, facer felices os demais. Claro que o que nos fai felices de verdade é o amor que damos aos demais: amar e ser amado. Que prioridades tes ti? Que é o máis importante para ti? E para ti familia? *Que prioridades tes ti? Que é o máis importante para ti? E para a túa familia? Que será o máis importante para ser un bo cristián?*

2. XULGAR: O prioritario é amar con todo o corazón

- No evanxeo, un escriba pregunta a Xesús que é o principal para un cristián, cal é o mandamento principal, o primeiro, o máis importante. Xesús respóndelle: *“Amarás o Señor, o teu Deus, con todo o teu corazón... e amarás o teu próximo como a ti mesmo.”*

.QUE NOS QUERE DICIR?

- Xesús dinos que o máis importante, **o prioritario, para o que lle segue é amar a Deus**, pero non amalo un pouquiño, senón como nos di o debuxo de Fano: *“con todo o meu corazón, a miña alma e a miña mente”*. Iso é o que escribían os xudeus e levábano colgado para que non se lle esquecese: *“O Señor é o noso Deus, o Señor é un só. Amarás, pois, o Señor, o teu Deus, con todo o teu corazón, con toda a túa alma e con todas as túas forzas”*. Ama A Deus, ora, fala con el, dálle o mellor de ti mesmo, vive para El.

- Xesús engade algo que ás veces esquecemos: **“Amarás o teu próximo como a ti mesmo”**. Non basta con amar a Deus, hai que amar a cada un, cun amor entregado, manifestado en pequenos xestos e detalles, un amor solidario, feito compaixón e servizo. De que me serve ir a catequese, ou ir a misa se sigo odiando a alguén ou non tendo a man” A Teresa de Calcuta ao darlle o Nobel da Paz preguntábanlle que debían facer para promover a paz e ela respondeulle: “Vaite á casa e ama a túa familia”. Ama os que están á beira e ese amor irase contaxiando, non hai máscara nin vacina que se resista.
- Xesús une o amor a Deus co amor ao próximo como **as dúas caras dunha mesma moeda**. Amar o próximo é o termómetro para saber se amas a Deus. Ama a todos e a quen é o Todo da túa vida (Deus). **Que nota te darías en amor a Deus? E ao próximo? Por que?**

3. ACTUAR: Ama e serás feliz

-Sabemos xa que é o máis importante para un cristián. A felicidade é amar e ser amado, facer felices os demais e así ser felices. Toca agora realizalo. Dialogade en como mellorar os dous amores do cristián. Preparade para este domingo nas ofrendas dous grandes aneis unidos entre si: o amor a Deus e o amor ás persoas son inseparables. -Tamén podemos invitar os nenos a que se acheguen ao altar e o biquen mentres un le: “Hoxe bicamos o altar e con este bico comprometémonos a querer máis a Xesús e como signo de que queremos cumprir o seu mandato, querernos máis os uns aos outros porque o amor é o principal. -Día 1: Os Santos son os que foron testemuñas e mestres nisto do Amor. Fixémonos neles. A escola da santidade dámos pistas e inspíranos na arte de amar. E o día 2, recordaremos os nosos irmáns finados que creron e amaron a Xesús Resucitado. Intensa semana. Una nova oportunidade para AMAR.

Que imos facer?

LECTURAS

DEUTERONOMIO 6, 2-6: *Escoita Israel: Amarás o Señor con todo o teu corazón*

Moisés falou ao pobo dicindo: «Teme o Señor, o teu Deus, ti, os teus fillos e netos, e observa todos os seus mandatos e preceptos, que eu che mando, todos os días da túa vida, a fin de que se prolonguen os teus días.

Escoita, pois, Israel, e esmérate en practicalos, a fin de que che vaia ben e se multipliquen, como che prometeu o Señor, Deus dos teus pais, na terra que mana leite e mel. Escoita, Israel: O Señor é o noso Deus, o Señor é un só.

Amarás, pois, o Señor, o teu Deus, con todo o teu corazón, con toda a túa alma e con todas as túas forzas. Estas palabras que eu che mando hoxe estarán no teu corazón».

Palabra do Señor.

SALMO 171

R/. Eu ámote, Señor; ti es a miña fortaleza

HEBREOS 7, 23-28: *Como permanece para sempre, ten o sacerdocio que non pasa*

MARCOS 12, 28b-34: *Amarás o Señor, teu Deus. Amarás o teu próximo.*

Narrador: Naquel tempo, un escriba achegouse a Xesús e preguntoulle:

Escriba: -«Que mandamento é o primeiro de todos?».

Narrador: Respondeulle Xesús:

Xesús: -«O primeiro é: “Escoita, Israel, o Señor, o noso Deus, é o único Señor: amarás o Señor, o teu Deus, con todo o teu corazón, con toda a túa alma, con toda a túa mente, con todo o teu ser”. O segundo é este: “Amarás o teu próximo como a ti mesmo”. Non hai mandamento maior que estes».

Narrador: O escriba replicoulle:

Escriba: -«Moi ben, Mestre, sen dúbida tes razón cando dis que o Señor é un só e non hai outro fóra del; e que amalo con todo o corazón, con todo o entendemento e con todo o ser, e amar o próximo como a un mesmo vale máis que todos os holocaustos e sacrificios».

Narrador: Xesús, vendo que respondera sensatamente, díxolle:

Xesús: -«Non estás lonxe do reino de Deus».

Narrador: E ninguén se atreveu a facerlle máis preguntas.

Palabra do Señor.

(Narrador- Escriba – Xesús)